

Resolución do procedemento convocado para a provisión polo sistema de libre designación, do posto de xefe do Servizo de Administración e Persoal convocado por Resolución da Valedora do Pobo do 14 de decembro de 2015

1. Antecedentes

Por Resolución da Valedora do Pobo do 14 de decembro de 2015 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de traballo de Secretario/a Xeral, Coordinador/a Xeral e Xefe/a do Servizo de Administración e Persoal da Institución do Valedor do Pobo. A convocatoria publicouse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 575, do 22 de decembro de 2015, e no Diario Oficial de Galicia nº 245 do 24 de decembro de 2015.

Por resolución do 4 de Marzo de 2016 do Adxunto á Valedora do Pobo, dáse por concluído o procedemento de provisión do posto de xefe do Servizo da Administración e Persoal, que se publica no Diario Oficial de Galicia nº 48 do 11 de marzo de 2016.

A Sentenza 327/2018, do 29 de xuño de 2018, da Sección 1º da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estimou o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do 4 de marzo de 2016, na que se decide a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe do Servizo de Administración e Persoal, e en consecuencia anula a dita resolución e ordena a retroacción de actuacións ao momento anterior a efectuar a valoración de todos os candidatos/as, debendo ter en conta para a nova valoración, todos os parámetros que se conteñen nos fundamentos xurídicos cuarto e sexto da sentenza.

O fundamento cuarto refírese á necesidade de abstención da entón titular da Valedoría do Pobo na resolución da convocatoria, que non pode ter ningún tipo de intervención no procedemento.

O fundamento sexto concreta os termos en que ha de executarse a sentenza, que son os seguintes:

- 1) Desde a firmeza da sentenza, ha de procederse á execución nun prazo máximo de sesenta días.
- 2) A clase de méritos que han de ser considerados prioritarios para decidir a preferencia determinante do nomeamento han de ser os directamente vinculados ás competencias do xefe do Servizo de Administración e Persoal que se definen no artigo 23 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, tal como se desprende das características do posto que figura na convocatoria.
- 3) A nulidade de actuacións declarada afecta así mesmo ao informe do 4 de marzo de 2016.
- 4) Na nova resolución que se dite debe constar expresamente que se tiveron en conta e valorado os méritos de todos os candidatos e que o/a adxudicatario/a do posto é quen presenta maiores méritos e resulta máis idóneo para o mesmo.
- 5) Dada a abstención da Valedora, esta non pode ter ningún tipo de intervención no procedemento.

2. Funcións do posto de xefe do Servizo de Administración e Persoal

Para a resolución da convocatoria, débese ter en conta en primeiro lugar, as funcións do posto de traballo que se convoca. As funcións do xefe do Servizo de Administración e Persoal regúlanse no artigo 23 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado polo Parlamento de Galicia o 26 de maio de 1997 (BOPG nº 678, do 20 de xuño de 1997) e modificado o 2 de decembro de 2015 (BOPG nº 568, do 9 de decembro de 2015), vixente no momento no que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ordena a retroacción do expediente, e que é por tanto o que debe terse en conta para a emisión deste informe e a posterior resolución.

De acordo co referido artigo, o Servizo de Administración e Persoal lle prestará á Institución o soporte administrativo para o cumprimento dos seus obxectivos e tramitará os asuntos derivados da xestión económica-administrativa. Ao xefe/a

do Servizo de Administración e Persoal, baixo a supervisión do secretario xeral, correspóndenlle as seguintes competencias:

- a) Dirixir, organizar e controlar os Servizos administrativos e de mantemento da sede do Valedor.
- b) A coordinación coa Intervención do Parlamento de Galicia para efectos da actividade económico-financeira da institución.

3. Solicitudes presentadas

Tal e como figura no expediente, á convocatoria presentáronse en prazo as seguintes solicitudes:

Nº	SOLICITANTE	DNI	Nº de Rexistro
1	[REDACTED]	[REDACTED]	43650/15
2	[REDACTED]	[REDACTED]	43694/15
3	[REDACTED]	[REDACTED]	48/16
4	[REDACTED]	[REDACTED]	133/16
5	[REDACTED]	[REDACTED]	137/16
6	[REDACTED]	[REDACTED]	140/16
7	[REDACTED]	[REDACTED]	156/16
8	[REDACTED]	[REDACTED]	176/16
9	[REDACTED]	[REDACTED]	194/15
10	[REDACTED]	[REDACTED]	224/16
11	[REDACTED]	[REDACTED]	229/16
12	[REDACTED]	[REDACTED]	231/16
13	[REDACTED]	[REDACTED]	243/16
14	[REDACTED]	[REDACTED]	245/16
15	[REDACTED]	[REDACTED]	270/16
16	[REDACTED]	[REDACTED]	271/16
17	[REDACTED]	[REDACTED]	290/16
18	[REDACTED]	[REDACTED]	325/16

Constátase que todas as persoas solicitantes compren cos requisitos establecidos na convocatoria, ao ter acreditado na documentación presentada que son funcionarios/as de carreira pertencentes a corpos ou escalas superiores de calquera Administración Pública.

Con data do 23 de maio de 2019, [REDACTED], presentou escrito de renuncia á súa participación no procedemento de selección para a cobertura do posto obxecto deste informe, renuncia que foi aceptada por Resolución do 31 de maio de 2019, do Adxunto á Valedora do Pobo, polo que non se procede á valoración da súa solicitude.

4. Informe de valoración dos/as candidatos/as

Para proceder á execución da sentenza, con data do 20 de setembro de 2019, autorizouse a iniciación dun expediente de gasto para a tramitación dun contrato menor, ao abeiro do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para a elaboración dun informe de valoración dos candidatos/as presentados á convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do dito posto que dera cumprimento ao disposto no fundamento sexto da sentenza 327/2018. Autorizouse o correspondente gasto e adxudicouse o contrato á Universidade de Vigo, para a súa realización por [REDACTED]
[REDACTED]

5. Informe emitido polo [REDACTED].

[REDACTED] remitiu o informe de valoración á Valedoria do Pobo con data do 30 de setembro de 2019.

No informe de valoración establecéronse como méritos prioritarios a formación académica básica e/ou profesional especializada, a experiencia profesional, a acreditación de actividades formativas en lingua galega e outros méritos preferentes para caso de empate.

██	19,11
████████████████████████████████████	19,03
██████████████████████████████████	18,98
██	18,94
██	17,08
██	17,00
████████████████████████████████████	15,82
██	14,24
██	13,47
██	13,42
██	12,68
██	09,81

Axúntase copia do informe pericial.

6. Apertura de período de alegacións

Con data do 3 de outubro de 2019 remitiuse copia do informe a todas as persoas participantes no procedemento de provisión do dito posto, aos efectos de que, no prazo de tres días hábiles, puidesen solicitar as aclaracións que considerasen oportunas.

Rematado o prazo concedido presentáronse solicitudes de aclaración por catro das persoas candidatas.

7. Contestación ás alegacións plantexadas

Con data do 23 de outubro, o profesor Bustillo remitiu informe complementario coa contestación ás solicitudes de aclaración exclusivamente, naqueles aspectos relacionados co contido do ditame emitido con data do 30 de setembro.

O informe complementario remitiuse a todas as persoas candidatas á cobertura do posto de xefe/a de Servizo con data do 3 de novembro para o seu coñecemento.

Axúntase copia das respostas dadas polo especialista.

8. Celebración de entrevistas

A valedora convocou aos candidatos/as con maior puntuación para a realización dunha entrevista para que os convocados puideran expoñer a súa traxectoria profesional recollida nos CV presentados en relación coas funcións do posto a cubrir. A convocatoria se lles comunicou con data do 30 de outubro de 2019, celebrándose as entrevistas o 5 de novembro de 2019.

As persoas candidatas que acudiron á entrevista foron as seguintes:

██
██
██

9. Conclusións: mérito, capacidade e idoneidade

Analizados os méritos e capacidades, segundo o indicado no informe pericial e no conxunto do expediente no que se refire a todos e cada un dos aspirantes ao posto, a candidata que presenta maiores méritos e resulta mais idónea é ██

Obtivo a maior puntuación na valoración dos méritos no ditame pericial elaborado ██ entre os candidatos/as á xefatura de Servizo de Administración e Persoal da Valedoría do Pobo (formación académica básica, formación académica e/ou especializada, experiencia profesional e actividades formativas en lingua galega).

██ é tamén a que acredita maior capacidade no sentido de aptitudes específicas para o desempeño eficaz do destino pretendido, considerando a súa traxectoria profesional e especificamente o que a significa respecto dos demais candidatos/as e todo iso a fai mais idónea para o posto.

Desempeñou dende 1999 ata 2010 o posto de xefa do Servizo de Administración e Persoal da Valedoría do Pobo, e dende febreiro de 2011 ata maio de 2015 ocupou a Secretaría Xeral da Institución. Nestes postos adquiriu unha importante experiencia e coñecemento do funcionamento da Institución e no desenvolvemento das funcións que, de acordo co seu Regulamento de

Organización e Funcionamento, están atribuídas ao Servizo de Administración e Persoal ao que opta.

Ademais do número de anos traballado na Institución a significa o feito da promoción profesional tida no seo da mesma e o seu cese a petición propia en maio de 2015, o que permite colixir que mantivo a confianza dos sucesivos valedores ata o seu cese por propia petición.

O coñecemento da Institución reforzase coa docencia e publicacións sobre a Valedoría do Pobo, a súa función social, composición e funcionamento.

De acordo co anterior, considérase que Dna. María José Castro Carballal acredita, en maior medida que o resto dos/as solicitantes, experiencia profesional e formación adecuada para o desempeño das funcións propias do posto ao que opta, polo que presenta maiores méritos e resulta mais idónea para o mesmo.

Previo sometemento á Xunta de Coordinación e Réxime Interior celebrada o día 11 de novembro de 2019, de conformidade co disposto no artigo 12.1 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo,

RESOLVO

Nomear a María José Castro Carballal, Xefa do Servizo de Administración e Persoal da Valedoría do Pobo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Valedora do Pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2019.11.11 12:48:49 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo